





PERSOAS CON AUTISMO

AUTISMO GALICIA

UN MUNDO DE POSIBILIDADES





MAREMAGNUM

AG AUTISMO GALICIA

Nº 12. Ano 2008

Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Enma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Estrela Vázquez Allegue
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Xabier Ron Fernández, M^a do Carme Bugallo Mariño e
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ilustración portada

Bernardo Tejeda

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

Móvil: 670 797656

E-mail: info@autismogalicia.org



www.autismogalicia.org


I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo





Sumario

5

Editorial

PERSOAS CON AUTISMO. UN MUNDO DE POSIBILIDADES

7

DIA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Cipriano Luís Jiménez Casas

15

COGNICIÓN SOCIAL EN HUMANOS

Christopher D. Frith e Uta Frith

37

AUTISMO E VACINAS

Éric Fombonne

51

LECCIÓN DE SÍNDROMES PRÓXIMAS AO AUTISMO

Michelle Zappella

69

CENTRO CASTELLO. UN PROGRAMA EDUCATIVO INTEGRAL


“UN XEITO DIFERENTE DE APRENDER IMPLICA UN XEITO
DIFERENTE DE ENSINAR!!

Edna García de Martínez

75

OS/AS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO
DESENVOLVEMENTO. SITUACIÓN EN GALICIA

A. Martínez Díaz, M. Tiemblo Marsal, A. Rodríguez Díaz, Berta Mejjide Rico,
A. V. Gómez Soler, C. L. Jiménez Casas



85




OS SÍMBOLOS NACIONAIS DE EUSKADI, CATALUÑA E GALICIA


Ramón Villares

95

O CONCEPTO DE FRONTEIRA: IDEOLOXÍA E PERFORMANCE NAS
CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Xosé Ramón Pena





DIA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO*


Cipriano Luís Jiménez Casas¹


O pasado mes de decembro de 2007, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou unha resolución a iniciativa de Qatar, pola que se declaraba o **día 2 de abril de 2008** como **Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo**. Con este motivo, os representantes das persoas con trastornos do espectro autista, e as súas familias, lembran que:

1. Acordes coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948:
 - a. Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes. (art. 5)
 - b. Toda persoa, como membro da sociedade, ten dereito á seguridade social, e a obter, mediante o esforzo nacional e a cooperación internacional, habida conta da organización e os recursos de cada Estado, a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais, indispensables á súa dignidade e ó libre desenvolvemento da súa personalidade. (art. 22)
 - c. 1) Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o desemprego.
 - c. 2) Toda persoa ten dereito, sen discriminación ningunha, a igual salario por traballo igual. (art. 23)
 - d. Toda persoa ten dereito ao descanso, a gozar do tempo libre, a unha

* Colaborou neste artigo M^a Teresa García Barcala. Coordinadora do Departamento de Comunicación de AUTISMO GALICIA.

1. Presidente da Federación AUTISMO GALICIA. Director da revista *Maremagnum*.





Día Mundial de concienciación sobre o Autismo

limitación razoable da duración do traballo e a vacacións periódicas pagadas. (art. 24)

- e. 1) Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios; ten, así mesmo, dereito aos seguros en caso de desemprego, enfermidade, invalidez, viuvez, vellez ou outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade.
- e. 2) A maternidade e a infancia teñen dereito a cuidados e asistencia especiais. Todos os nenos, nados de matrimonio ou fóra do matrimonio, teñen dereito a igual protección social. (art. 25)
- f. Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta, polo menos no concernente á instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional terá que ser xeneralizada; o acceso aos estudos superiores será igual para todos, en función dos méritos respectivos. (art. 26)
- g. Toda persoa ten deberes respecto á comunidade, posto que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade. (art. 29)


2. Acordes coa Declaración dos Dereitos do Neno, de 1959:

Todos os nenos sen excepción, precisan protección e cuidados especiais, para gozar de alimentación, vivenda, recreo, e servizos médicos adecuados. Cando este sufra algún impedimento físico ou mental, debe recibir o tratamento, a educación e o cuidado especiais que require o seu caso particular. Daráselle unha educación que favoreza a súa cultura e que lle permita, en condicións de igualdade de oportunidades, desenvolver as súas aptitudes e chegar a ser un membro útil da sociedade. Debe ser protexido contra toda forma de abandono, crueldade e explotación, e especialmente, contra calquera discriminación racial, relixiosa ou de calquera outra índole.

A Asemblea Xeral de Nacións Unidas

Lembrando o documento final do Cumio Mundial 2005 e a Declaración do milenio, así como os resultados das grandes conferencias e cumios das Nacións Unidas nas esferas económica e social e outras conexas.

Lembrando tamén a Convención sobre os Dereitos do Neno e os Dereitos das Persoas con Discapacidade, en virtude das cales os nenos con discapacidade deberán gozar dunha vida plena e digna, en condicións que aseguren a súa dignidade, fomenten a súa autonomía e faciliten a súa participación activa na comunidade, así como o seu gozo pleno de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais en igualdade de condicións cos demais nenos.



Cipriano Luís Jiménez Casas

Afirmando que garantir e promover a plena realización de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas con discapacidade é esencial para acadar os obxectivos de desenvolvemento en convenios internacionalmente.

Consciente de que o **Autismo** é unha discapacidade permanente do desenvolvemento que se manifesta nos tres primeiros anos de idade, derivada dun trastorno neurolóxico que afecta o funcionamento do cerebro, de que lles afecta principalmente aos nenos de moitos países, con independencia do seu sexo, raza ou condición socioeconómica, e que se caracteriza por deficiencias na interacción social, problemas da comunicación verbal e non verbal e patróns de comportamento, intereses e actividades restrinxidas e repetitivas.


Profundamente preocupada pola persistencia e elevada incidencia do autismo nos nenos de todas as rexións do mundo e polos conseguintes problemas de desenvolvemento que lles afectan aos programas a longo prazo de saúde, educación, capacitación e intervención emprendidos polos gobernos, as organizacións non gobernamentais e o sector privado, así como polas súas terribles consecuencias nos nenos, as súas familias, as comunidades e a sociedade.

Lembrando que o diagnóstico precoz e a investigación e a intervención apropiadas son vitais para o crecemento e o desenvolvemento da persoa:

- 1) *Decide* declarar o 2 de abril: **Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo**, que se observará todos os anos a partir de 2008;
- 2) *Invita* a todos os estados membros, ás organizacións competentes do sistema das Nacións Unidas e outras organizacións internacionais, así como á sociedade civil, incluídas as organizacións non gobernamentais e o sector privado, a que observen debidamente o **Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo**, con miras a aumentar a conciencia pública sobre ese trastorno;
- 3) *Alenta* os estados membros a que adopten medidas para concienciar a toda a sociedade, incluso a nivel familiar, sobre a situación dos nenos con autismo;
- 4) *Pídelle ao* secretario xeral que sinala a presente resolución a atención de todos os estados membros e organizacións do sistema das Nacións Unidas.

A incidencia do autismo, que aumentou os últimos anos en todo o mundo, supón unha gran preocupación sobre este trastorno. **Seis de cada mil menores de 10 anos** teñen afectadas as súas capacidades de comunicación, relación e imaxinación, sen que, polo momento, se coñezan as súas causas.

En Galicia cunha poboación de 224.292 nenos menores de 10 anos, poderíamos falar de aproximadamente 1.345 casos de nenos afectados do que actualmente se denomina trastornos do espectro autista.



Día Mundial de concienciación sobre o Autismo

Se consideramos a poboación total de Galicia: 2.772.533 habitantes e, aplicando unha incidencia de 1 caso de autismo por cada 1.000 individuos, o número de persoas afectadas por este trastorno acadaría aproximadamente un total de 2.772 persoas afectadas, cifra que podería verse aumentada por estudos epidemiolóxicos realizados nalgúns países que chegan a falar de 1 caso de autismo por cada 500 individuos.

A incidencia polo tanto do “trastorno autista” hai que considerala relevante por non dicir alarmante. Este feito, provocou que as Nacións Unidas, proclamaran **O Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo**, de cara á concienciación social en todo o mundo sobre este trastorno, aínda hoxe non esclarecido.

Autismo Europa¹, aproveitando a ocasión desta primeira celebración, solicita dos estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa, que mostren unha atención particular ao autismo, en función do nivel tan elevado, desde o punto de vista epidemiolóxico, desta discapacidade.

Xa non estamos nos tempos en que este trastorno era considerado “raro”. En Europa (constituída polo conxunto dos estados do Consello de Europa), 5 millóns de persoas, poderían estar afectadas de autismo.

O Autismo é, un hándicap grave e permanente, en moitos casos identificable desde os primeiros anos de vida. Resulta de causas medicas múltiples que afectan o desenvolvemento e funcionamento normal do cerebro. O Autismo altera de forma moi severa a maneira de como a persoa se comunica e interactúa co seu contorno. Este trastorno afecta as zonas claves do desenvolvemento do comportamento e psicolóxico da persoa ao longo da súa vida.

Todas as familias poden estar afectadas polo autismo, independentemente da súa orixe étnica ou da súa clase social.

En función destas características os estados membros da Unión Europea e do Consello de Europa, deberían ter unha atención particular respecto aos dereitos fundamentais das persoas con autismo. O deber de respectar a súa dignidade esixe que as persoas con autismo non sexan xamais consideradas


1. Autismo Europa é, unha asociación internacional e ten como principal obxectivo defender os dereitos das persoas con autismo e as súas familias e tratar de mellorar a súa calidade de vida, facéndose valedora dos seus dereitos. Autismo Europa constitúe unha rede europea que asegura unha coordinación eficaz entre máis de 80 asociacións membros de familias de persoas afectadas de autismo en 30 países europeos, os gobernos e as institucións europeas internacionais. Autismo Europa é membro fundador do Foro europeo de persoas con discapacidade e da Plataforma Europea das ONG Sociais.

Autisme-Europe a.i.s.b.l. Rúa Montoyer 39 bte 11, B-1000 Bruxelles

Tfno.: 0032(0) 2 675 75 05- Fax: 0032(0) 2 6675 72 70.

Enderezo de correo electrónico: secretariat@autismeurope.org

Sitio web: <http://www.autismeurope.org>



incapaces de ser autónomas ou de dispoñer da facultade de coller eles mesmos as decisións que lles concirnen.

Unha persoa con autismo ten naturalmente a mesma consideración que calquera outra persoa e, por conseguinte, dispón dos mesmos dereitos. Por outra parte, as persoas con autismo constitúen un grupo particularmente vulnerable, mesmamente entre as persoas con discapacidade.

Unha gran maioría de persoas con autismo non se benefician das boas prácticas dispoñibles, resultado do progreso realizado estes últimos decenios no dominio científico, médico, educativo e social. Como consecuencia desta realidade, as persoas con autismo, nunha gran maioría de casos, están privadas dunha educación específica, adaptada e personalizada así como dunha *prise en charge* que lle permita realizar verdadeiros progresos. Ningunha persoa con autismo, debería estar privada da liberdade de levar unha vida, da maneira máis independente posible.

O desenvolvemento das capacidades e do potencial das persoas con autismo depende máis do acceso a unha *prise en charge* adaptada, precoz e completa ao longo da súa vida que do grao de discapacidade.

Os estados membros, débennles asegurar ás persoas con autismo un acceso a un diagnóstico precoz e a un tratamento de calidade, “acordes cos estándares médicos internacionais recoñecidos”. Igualmente teñen dereito a beneficiarse dos coidados correntes e relacionados cos seus desexos, acordes ás mesmas normas e esixencias que lle son outorgados ás demais persoas.

Autismo Europa, está firmemente comprometida, a loitar contra esta discriminación da que moitas das persoas con autismo se senten afectadas.

Autismo Galicia², en consonancia coa resolución de Nacións Unidas, celebrou o 2 de abril de 2008 como: Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, na súa sede social en Santiago de Compostela nun acto que contou coa presenza da Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, M.^a José Rubio Vidal.


Nun acto tan significativo e de alto valor simbólico, AUTISMO GALICIA deu a coñecer a publicación do: “Protocolo sanitario e Decálogo de atención para pacientes con Autismo”³

Acordes coa **Carta das Persoas Autistas** adoptada baixo a forma de declaración, polo Parlamento Europeo, o 9 de maio de 1996 –que debería ser adoptada por todos os países do mundo– manifesta que:

2. Federación AUTISMO GALICIA. Rúa Home Santo de Bonaval, 74. 15703 Santiago de Compostela. Teléfono: 981 589 344.

Enderezos de correo electrónico: info@autismogalicia.org e www.autismogalicia.org

3. Jiménez Casas, C.L. e Domínguez González, F. (2007). Protocolo sanitario para pacientes con Autismo. *Revista Maremagnum publicación galega sobre os trastornos do espectro autista*, 11, 79-88.



Día Mundial de concienciación sobre o Autismo

“As persoas autistas deben poder compartir os mesmos dereitos e privilexios co resto da poboación... na medida das súas posibilidades e no seu mellor interese.”

Estes dereitos deben ser defendidos, protexidos e postos en vigor por unha lexislación en cada estado.

Non obstante, a **Organización Mundial do Autismo**, manifesta que,

Os nenos tardan unha media dun ano e medio –no mellor dos casos– en recibir un diagnóstico adecuado, tendo en conta o importante que é a intervención temperá neste tipo de trastornos.

A maioría dos diagnósticos, lévanse a cabo desde o ámbito privado e non desde os servizos públicos de cada un dos estados.

Na maioría dos países, unha vez obtido o diagnóstico, a intervención temperá, fundamental para a rápida e boa evolución do neno, realízase desde o privado, e non hai servizos públicos suficientes que cubran as necesidades destes nenos.

Unha vez que se dispón do diagnóstico, nunha maioría de casos, un dos pais debe deixar de traballar para atender as necesidades do neno, na maioría de casos é a muller a que leva a cabo este paso, o que lle afecta negativamente á situación económica familiar, e a súa autorrealización.

Naqueles lugares onde a educación básica é obrigatoria, os nenos estarán escolarizados, non obstante, unha vez finalizada esta etapa, existe unha ausencia de servizos para a transición á vida adulta e ao propio desenvolvemento da adultez.

Existe unha falta de independencia das persoas con trastornos do espectro autista con máis alto nivel, pola escasa incorporación ao mundo laboral, e a falta dos apoios necesarios.


A integración nas actividades de lecer, é escasa.

Unha vez que os pais se fan maiores ou falecen, as persoas con TEA máis dependentes, carecen, na maioría dos casos, de residencias ou centros, que atendan e cubran todas as súas necesidades.

Cando aparece a decadencia ou a vellez, estas persoas ven agravada a súa dependencia, polas deficiencias propias da idade, e, nunha alta porcentaxe, carecen de servizos adecuados para a súa atención.

A **Organización Mundial do Autismo**, celebra a iniciativa de **Nacións Unidas**, pero considera que a subscripción a este manifesto debe significar o compromiso diario dos estados e da sociedade civil e investigadora para cumprir todos os dereitos, aos que deben ter acceso como seres humanos.

Solicítalles aos gobernos que se comprometan a facilitar e apoiar a investigación, para mellorar as condicións de atención ás persoas con TEA, ade-







mais solicítalles, que entendan os problemas e que se comprometan a aumentar a concienciación e animar o desenvolvemento dunha sociedade máis acollidora e responsable.


Bibliografía

- JIMÉNEZ CASAS, C.L. e DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, F. (2007). Protocolo Sanitario para pacientes con Trastornos do Espectro Autista. *Revista Maremagnum publicación galega para trastornos do espectro autista*, 11; 79-88.
- N.U. (1948). Declaración Universal dos Dereitos das Persoas (trad.). URL: <http://www.unhchr.ch/udhr/lang/gln.pdf>. Data última consulta: 08-08-2008.
- N.U. (1959). Declaración de los Derechos del Niño (trad.). URL: http://www.unhchr.ch/spanish/html/menu3/b/25_sp.htm. Data última consulta: 08-08-2008.
- N.U. (2000). Declaración del Milenio (trad.). URL: <http://www.un.org/spanish/millenniumgoals/ares552.html>. Data última consulta: 08-08-2008.
- N.U. (2005). Documento Final de la Cumbre Mundial 2005 (trad.). URL: <http://daccess-ods.un.org/access.nsf/Get?Open&DS=A/RES/60/1&Lang=S>. Data última consulta: 08-08-2008.

Referencias de interese

1. Resolución aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas: “Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo”. 2 de abril 2008.
www.rpd.es/documentos/DocumentoNacionesUnidas.pdf
2. *Faro de Vigo* – Opinión – Día Mundial de Concienciación sobre Autismo.
www.farodevigo.es
3. Ministerio de Trabajo e Inmigración: Seguridade Social
Día Mundial de Concienciación sobre Autismo
www.mtas.es/SGAS/Discapacidad/Autismo/Autismo.htm-11K-
4. Día Mundial del Autismo: ONU reafirma compromiso con dereitos de...
www.un.org/spanish/News/fullstorynews.asp
5. Organización Mundial do Autismo/World Autism Organization
Enderezo de correo electrónico: international@apna.es
www.worldautismorganization.org
Correo postal: Organización Mundial del Autismo
C/ Navaleno, 9
28033 Madrid-España





DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE EL AUTISMO*


Cipriano Luís Jiménez Casas¹

El pasado mes de diciembre de 2007, la Asamblea General de las Naciones Unidas adoptó una resolución a la iniciativa de Qatar, por la que se declaraba el **día 2 de abril de 2008** como **Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo**. Con este motivo, los representantes de las personas con Trastornos del Espectro Autista, y sus familias, recuerdan que:

1. Acorde con la Declaración Universal de los Derechos Humanos de 1948,
 - a. Nadie será sometido a torturas ni a penas o tratos crueles, inhumanos o degradantes (art. 5).
 - b. Toda persona, como miembro de la sociedad, tiene derecho a seguridad social, y a obtener, mediante el esfuerzo nacional y la cooperación internacional, teniendo en cuenta la organización y los recursos de cada Estado, la satisfacción de los derechos económicos, sociales y culturales, indispensables a su dignidad y al libre desarrollo de su personalidad (art. 22).
 - c. 1) Toda persona tiene derecho al trabajo, a la libre elección de su trabajo, a condiciones equitativas y satisfactorias de trabajo y a la protección contra el desempleo.
 - c. 2) Toda persona tiene derecho, sin discriminación alguna, a igual salario por trabajo igual (art. 23).
 - d. Toda persona tiene derecho al descanso, al ocio del tiempo libre, a

* Colaboró en este artículo M^a Teresa García Barcala, Coordinadora del Departamento de Comunicación de AUTISMO GALICIA.

1. Presidente de la Federación AUTISMO GALICIA. Director de la revista *Maremagnum*.



Día Mundial de concienciación sobre el Autismo

una limitación razonable de la duración del trabajo y a vacaciones periódicas pagadas (art. 24).

- e. 1) Toda persona tiene derecho a un nivel de vida adecuado que le asegure, así como a su familia, la salud y el bienestar y en especial la alimentación, el vestido, la vivienda, la asistencia médica y los servicios sociales necesarios; tiene asimismo derecho a los seguros en caso de desempleo, enfermedad, invalidez, vejez u otros casos de pérdida de sus medios de subsistencia por circunstancias independientes a su voluntad.
- e. 2) La maternidad y la infancia tienen derecho a cuidados y asistencia especiales. Todos los niños, nacidos de matrimonio o fuera del matrimonio, tienen derecho a igual protección social (art. 25).
- f. Toda persona tiene derecho a la educación. La educación debe ser gratuita, por lo menos en lo concerniente a la instrucción elemental y fundamental. La instrucción elemental será obligatoria. La instrucción técnica y profesional tendrá que ser generalizada; el acceso a los estudios superiores será igual para todos, en función de los méritos respectivos (art. 26).
- g. Toda persona tiene deberes respecto a la comunidad, puesto que sólo en ella puede desenvolver libre y plenamente su personalidad (art. 29).

2. Acorde con la Declaración de los Derechos del Niño, de 1959,

Todos los niños, sin excepción, precisan protección y cuidados especiales, para disfrutar de alimentación, vivienda, recreo, y servicios médicos adecuados. Cuando éste sufra algún impedimento, físico o mental, debe recibir el tratamiento, la educación y los cuidados especiales que requiera su caso particular. Se le dará una educación que favorezca su cultura y que le permita, en condiciones de igualdad de oportunidades, desarrollar sus aptitudes y llegar a ser un miembro útil de la sociedad. Debe ser protegido contra toda forma de abandono, crueldad y explotación, y, especialmente, contra cualquier discriminación racial, religiosa o de cualquier otra índole.

La Asamblea General de las Naciones Unidas,

Recordando el Documento Final de la Cumbre Mundial 2005 y la Declaración del Milenio, así como los resultados de las grandes conferencias y cumbres de las Naciones Unidas en las esferas económica y social y otras conexas,

Recordando también la Convención sobre los Derechos del Niño y los Derechos de las Personas con Discapacidad, en virtud de las cuales los niños con discapacidad deberán disfrutar de una vida plena y digna, en condiciones

Cipriano Luís Jiménez Casas

que aseguren su dignidad, fomenten su autonomía y faciliten su participación activa en la comunidad, así como su goce pleno de todos los derechos humanos y libertades fundamentales en igualdad de condiciones con los demás niños.

Afirmando que garantizar y promover la plena realización de todos los derechos humanos y libertades fundamentales de todas las personas con discapacidad es esencial para conseguir los objetivos de desarrollo en convenios internacionalmente,


Consciente de que el **Autismo** es una discapacidad permanente del desarrollo que se manifiesta en los tres primeros años de edad, derivada de un trastorno neurológico que afecta el funcionamiento del cerebro, de que afecta principalmente a los niños de muchos países, con independencia de su sexo, raza o condición socio económica, y que se caracteriza por deficiencias en la interacción social, problemas de la comunicación verbal y no verbal y patrones de comportamiento, intereses y actividades restringidas y repetitivas,

Profundamente preocupada por la prevalencia y elevada incidencia del autismo en los niños de todas las regiones del mundo y por los consiguientes problemas de desarrollo que afectan a los programas a largo plazo de salud, educación, capacitación e intervención emprendidos por los gobiernos, las organizaciones no gubernamentales y el sector privado, así como por sus terribles consecuencias en los niños, sus familias, las comunidades y la sociedad,

Recordando que el diagnóstico precoz y la investigación y la intervención apropiadas son vitales para el crecimiento y el desarrollo de la persona,

- 1) *Decide* declarar el 2 de abril: **Día Mundial de la Concienciación sobre el Autismo**, que se observará todos los años a partir de 2008;
- 2) *Invita* a todos los Estados Miembros, las organizaciones competentes del sistema de las Naciones Unidas y otras organizaciones internacionales, así como a la sociedad civil, incluidas las organizaciones no gubernamentales y el sector privado, a que observen debidamente el **Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo**, con miras a aumentar la conciencia pública sobre ese trastorno;
- 3) *Anima* a los Estados Miembros a que adopten medidas para concienciar a toda la sociedad, incluso a nivel familiar, sobre la situación de los niños con autismo;
- 4) *Pide* al Secretario General que señale la presente resolución a la atención de todos los Estados Miembros y organizaciones del sistema de las Naciones Unidas.

La incidencia del autismo, que aumentó los últimos años en todo el mundo, supone una gran preocupación sobre este trastorno. **Seis de cada mil menores de 10 años** tienen afectadas sus capacidades de comunicación, relación e imaginación, sin que, por el momento, se conozcan sus causas.



Día Mundial de concienciación sobre el Autismo

En Galicia, con una población de 224.292 niños menores de 10 años, podríamos hablar de, aproximadamente, 1.345 casos de niños afectados del que, actualmente, se denomina Trastornos del Espectro Autista.

Si consideramos la población total de Galicia: 2.772.533 habitantes y, aplicando una incidencia de 1 caso de autismo por cada 1000 individuos, el número de personas afectadas por este trastorno conseguiría aproximadamente un total de 2.772 personas afectadas, cifra que podría verse aumentada por estudios epidemiológicos realizados en algunos países que llegan a hablar de 1 caso de Autismo por cada 500 individuos.

La incidencia, por lo tanto, del “trastorno autista” hay que considerarla relevante, por no decir alarmante. Este hecho provocó que las Naciones Unidas proclamarán **El Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo**, para fomentar la concienciación social en todo el mundo sobre este trastorno, aún hoy no aclarado.

Autismo Europa¹, aprovechando la ocasión de esta primera celebración, solicita de los Estados Miembros de la Unión Europea y del Consejo de Europa, que muestren una atención particular al Autismo, en función del nivel tan elevado, desde el punto de vista epidemiológico, de esta discapacidad.

Ya no estamos en los tiempos en que este trastorno era considerado “raro”. En Europa (constituida por el conjunto de los Estados del Consejo de Europa), 5 millones de personas podrían estar afectadas de autismo.

El Autismo es un hándicap grave y permanente, en muchos casos identificable desde los primeros años de vida. Resulta de causas médicas múltiples que afectan al desarrollo y funcionamiento normal del cerebro. El Autismo altera de forma muy severa la manera en cómo la persona se comunica e interactúa con su entorno. Este trastorno afecta a las zonas claves del desarrollo del comportamiento y del desarrollo psicológico de la persona a lo largo de su vida.

Todas las familias pueden estar afectadas por el Autismo, independientemente de su origen étnico o de su clase social.


En función de estas características los Estados Miembros, de la Unión Europea y del Consejo de Europa, deberían tener una atención particular res-


1. Autismo Europa es una asociación internacional y tiene como principal objetivo defender los derechos de las personas con autismo y de sus familias, y tratar de mejorar su calidad de vida, haciéndose valedora de sus derechos. Autismo Europa constituye una red europea, que asegura una coordinación eficaz entre más de 80 asociaciones miembros de familias de personas afectadas de autismo en 30 países europeos, los gobiernos y las instituciones europeas internacionales. Autismo Europa es miembro fundador del Foro europeo de personas con discapacidad y de la Plataforma europea de las ONGs sociales.

Autisme-Europe a.i.s.b.l. Rue Montoyer 39 bte 11, B-1000 Bruxelles

Tel.: 0032(0) 2.675.75.05 Fax: 0032(0) 2.6675.72.70 Email: secretariat@autismeurope.org

Web Site: <http://www.autismeurope.org>





Cipriano Luís Jiménez Casas

pecto a los derechos fundamentales de las personas con Autismo. El deber de respetar su dignidad exige que las personas con Autismo no sean jamás consideradas incapaces de ser autónomas o de disponer de la facultad de tomar ellos mismos las decisiones que les conciernen.

Una persona con Autismo tiene naturalmente la misma consideración que cualquier otra persona y por consiguiente disponer de los mismos derechos. Por otra parte, las personas con Autismo constituyen un grupo particularmente vulnerable, incluso entre las personas con discapacidad.

Una gran cantidad de personas con Autismo no se beneficia de las buenas prácticas disponibles, resultado del progreso realizado estos últimos decenios en el dominio científico, médico, educativo y social. Como consecuencia de esta realidad, las personas con Autismo, en una gran mayoría de casos, están privadas de una educación específica, adaptada y personalizada así como de una “prise en charge” que le permita realizar verdaderos progresos. Ninguna persona con Autismo debería estar privada de la libertad de llevar una vida de la manera más independiente posible.

El desarrollo de las capacidades y del potencial de las personas con Autismo depende más del acceso a una “prise en charge” adaptada, precoz y completa a lo largo de su vida que del grado de discapacidad.

Los Estados miembros deben asegurar a las personas con Autismo un acceso a un diagnóstico precoz y a un tratamiento de calidad, “acordes a los estándares médicos internacionales reconocidos”. Igualmente tienen derecho a beneficiarse de los cuidados corrientes y relacionados con sus deseos, acordes a las mismas normas y exigencias que les son otorgadas a las demás personas.

Autismo Europa está firmemente comprometida a luchar contra esta discriminación, de la que muchas de las personas con autismo se sienten afectadas.

Autismo Galicia², en consonancia con la resolución de Naciones Unidas, celebró el 2 de abril de 2008 como: Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo, en su sede social en Santiago de Compostela, en un acto que contó con la presencia de la Conselleira de Sanidade de la Xunta de Galicia, M^a José Rubio Vidal.


En un acto tan significativo y de alto valor simbólico, AUTISMO GALICIA dio a conocer la publicación del “Protocolo Sanitario e Decálogo de Atención para pacientes con Autismo”³


Acordes con la **Carta de las Personas Autistas** adoptada, bajo la forma de Declaración, por el Parlamento Europeo el 9 de mayo de 1996 –que debería ser adoptada por todos los países del mundo– manifiesta que:

2. Federación AUTISMO GALICIA. Rúa Home Santo de Bonaval, 74. 15703 Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 589 344 e-mail: info@autismogalicia.org y www.autismogalicia.org

3. Protocolo sanitario para pacientes con Autismo. Maremagnum, nº 11, p.p. 79-88. (2007)





Día Mundial de concienciación sobre el Autismo

“Las personas autistas deben poder compartir los mismos derechos y privilegios que el resto de la población...en la medida de sus posibilidades y en su mejor interés”.

Estos derechos deben ser defendidos, protegidos y puestos en vigor por una legislación en cada Estado.

Sin embargo, la **Organización Mundial del Autismo** manifiesta que,

Los niños tardan una media de un año y medio –en el mejor de los casos– en recibir un diagnóstico adecuado, teniendo en cuenta lo importante que es la intervención temprana en este tipo de trastornos.

La mayoría de los diagnósticos se llevan a cabo desde el ámbito privado y no desde los servicios públicos de cada uno de los Estados.

En la mayoría de los países, una vez obtenido el diagnóstico, la intervención temprana, fundamental para la rápida y buena evolución del niño, se realiza desde el privado, y no hay servicios públicos suficientes que cubran las necesidades de estos niños.

Una vez que se dispone del diagnóstico, en la mayoría de los casos, uno de los padres debe dejar de trabajar para atender las necesidades del niño; normalmente es la mujer la que da este paso, afectando negativamente a la situación económica familiar y a su autorrealización.

En aquellos lugares donde la educación básica es obligatoria los niños estarán escolarizados, sin embargo, una vez finalizada esta etapa, existe una ausencia de servicios para la transición a la vida adulta y al propio desarrollo de la adultez.

Existe una falta de independencia de las personas con Trastornos del Espectro Autista, con más alto nivel, por la escasa incorporación al mundo laboral y la falta de los apoyos necesarios.


La integración en las actividades de ocio es escasa.

Una vez que los padres se hacen mayores o fallecen, las personas con TEA, más dependientes, carecen, en la mayoría de los casos, de residencias o centros que atiendan y cubran todas sus necesidades.

Cuando aparece la decadencia o la vejez, estas personas ven agravada su dependencia por las deficiencias propias de la edad, y, en un alto porcentaje, carecen de servicios adecuados para su atención.

La **Organización Mundial del Autismo** celebra la iniciativa de **Naciones Unidas**, pero considera que la suscripción a este manifiesto debe significar el compromiso diario de los Estados y de la sociedad civil e investigadora para cumplir todos los derechos, a los que deben tener acceso como seres humanos.

Les solicitan a los gobiernos que se comprometan a facilitar y apoyar la






investigación, para mejorar las condiciones de atención a las personas con TEA, además les solicitan que entiendan los problemas y que se comprometan a aumentar la concienciación, y a animar al desarrollo de una sociedad más acogedora y responsable.

Bibliografía

- JIMÉNEZ CASAS, C.L., DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, F. (2007). Protocolo Sanitario para pacientes con Trastornos do Espectro Autista. En *Maremagnum*, 11; 79-88.
- N.U. (1948). Declaración Universal dos Dereitos das Persoas (trad.). URL: <http://www.unhchr.ch/udhr/lang/gln.pdf>. Fecha última consulta: 08-08-2008.
- N.U. (1959). Declaración de los Derechos del Niño (trad.). URL: http://www.unhchr.ch/spanish/html/menu3/b/25_sp.htm. Fecha última consulta: 08-08-2008.
- N.U. (2000). Declaración del Milenio (trad.). URL: <http://www.un.org/spanish/millenniumgoals/ares552.html>. Fecha última consulta: 08-08-2008.
- N.U. (2005). Documento Final de la Cumbre Mundial 2005 (trad.). URL: <http://daccess-ods.un.org/access.nsf/Get?Open&DS=A/RES/60/1&Lang=S>. Fecha última consulta: 08-08-2008.

Referencias de interés

1. Resolución aprobada por la Asamblea General de Naciones Unidas: “Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo”. 2 de abril 2008.
www.rpd.es/documentos/DocumentoNacionesUnidas.pdf
2. Faro de Vigo – Opinión – Día Mundial de Concienciación sobre autismo.
www.farodevigo.es
3. Ministerio de Trabajo e Inmigración: Seguridad Social
Día Mundial de Concienciación sobre Autismo
www.mtas.es/SGAS/Discapacidad/Autismo/Autismo.htm-11K-
4. Día Mundial del Autismo: ONU reafirma compromiso con los derechos de...
www.un.org/spanish/News/fullstorynews.asp
5. Organización Mundial del Autismo / World Autism Organization
e-mail: international@apna.es
www.worldautismorganization.org
Correo postal: Organización Mundial del Autismo
C/ Navaleno, 9. 28033 Madrid-España



MEMBROS DE AUTISMO GALICIA

APACA

Asociación de Pais de Autistas e Psicóticos
da Comarca de Arousa
✉ Rúa Moreira, nº 29
36613 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
☎ 986 501 548
E-mail: a.apaca@wanadoo.es

APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno
do Espectro Autista do Centro de Apoio
Familiar "A Braña"
✉ Rúa Pracer, nº 5-3º B
36202 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 226 647
E-mail: info@apacaf.org
www.apacaf.org

APA MECOS

Asociación de Pais de Persoas con Autismo
"Os Mecos"
✉ Rúa Xistro nº 28 - Coiro
36947 Cangas do Morrazo (Pontevedra)
☎ 986 304 626
E-mail: apamecos@yahoo.es

A.S.P.A.N.A.E.S.

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno
do Espectro Autista T.E.A. da Provincia
da Coruña
✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40 - baixo
15009 A Coruña
☎ 981 130 044
☎ 981 130 787
E-mail: administración@aspanaes.org
www.aspanaes.org

AUTISMO OURENSE

Asociación Autismo Ourense
✉ Rúa Alférez Provisional, nº 2 entrechán
32003 Ourense
☎/☎ 988 219 389
E-mail: info@autismoourense.org
www.autismoourense.org

AUTISMO VIGO

Asociación Autismo Vigo
✉ Rúa García Barbón, nº 108-1º B
36201 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 437 263
☎ 986 228 528
E-mail: info@autismovigo.org
www.autismovigo.org

APA CASTRO NAVÁS

Asociación de Pais do Centro "Castro Navás"
✉ Rúa Navás, nº 11-Priegue
36391 Nigrán (Pontevedra)
☎ 986 365 558
E-mail: apacastronavas@yahoo.es

FUNDACIÓN MENELA

✉ Avda. Marqués de Alcedo, nº 19
36203 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 423 433/902 502 508
☎ 986 484 228
E-mail: fundacion@menela.org
www.menela.org

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40-baixo
15009 A Coruña
☎/☎ 981 130 553
E-mail: autismocoruna@yahoo.es

APA MENELA

Asociación de Pais do Centro "Menela"
✉ Camiño da Veiguiña, nº 15 - Alcabre
36212 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 240 703
E-mail: apamenela@terra.es

RAIOLAS - LUGO

Asociación de Pais de Persoas con Trastornos
Xeneralizados do Desenvolvemento
✉ Rúa Lamas de Prado, 75 - baixo
27003 Lugo
☎ 982 214 504
E-mail: raiolas-lugo@mundo-r.com